

A PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL

"As súas Maxestades o Emperador de Austria e Rei de Hungría, o Emperador de Alemaña, Rei de Prusia, e o Rei de Italia, animados do desexo de aumentar as garantías da paz xeral, de fortificar o principio monárquico (...), acordaron a conclusión dun tratado (...).

Art. 1. (...) comprométense reciprocamente paz e amizade, e non entrarán en alianza ou compromiso algún dirixido contra calquera dos seus Estados (...).

Art. 2. No caso de que Italia, sen mediar provocación directa pola súa banda, fose atacada por Francia por calquera motivo, as outras dous Partes contratantes estarán dispostas a prestar á Parte atacada socorro e axuda con todas as súas forzas. A mesma obrigaón incumbirá a Italia en caso dunha agresión, non directamente provocada, de Francia contra Alemaña.

Art. 3. Se unha ou dúas das Altas Partes contratantes, sen provocación directa pola súa banda, chegasen a ser atacadas e a atoparse empeñadas nunha guerra con dúas ou máis grandes potencias non asinantes do presente tratado, o "casus foederis" presentarase simultaneamente para todas as Altas Partes contratantes".

Art. 6 As Altas Partes contratantes prométense reciprocamente o segredo, tanto sobre o contido como sobre a existencia do presente tratado.

Art. 7 O presente tratado manterase en vigor durante o período de cinco anos (...).

Feito en Viena, o 20 de maio de 1882.

A Tripla Alianza (fragmento do Tratado).

"A pesar meu son cada vez menos inglés. O meu calzado é francés, a miña roupa alemana, as cadeiras do meu despacho son de fabricación alemana, o mesmo ocorre coas miñas plumas, o meu papel e a miña alfombra: a cervexa que bebo é alemana. Pronto o único inglés da miña casa serán a miña carne e os meus ósos e os sentimentos inmutables que me animan".

Palabras do cónsul do Reino Unido en Aleppo (1898).

"A historia dos últimos anos, e especialmente os acontecementos dolorosos do 28 de xuño, demostraron a existencia en Serbia dun movemento subversivo cuxo fin é separar da Monarquía austro-húngara algunhas partes dos seus territorios. Este movemento, que foi crescendo ante os ollos do Goberno serbio, chegou a manifestarse máis aló do territorio do reino con actos de terrorismo, cunha serie de atentados e de mortes (...)

O goberno Real serbio debe comprometerse:

1. a suprimir toda publicación que incite ao odio e ao desprezo da Monarquía (...).
2. a disolver inmediatamente a sociedade chamada "Narodna Odbrana" e a confiscar todos os seus medios de propaganda (...).
3. a eliminar sen demora da instrución pública en Serbia (...) todo o que sirva ou poida servir para fomentar a propaganda contra Austria-Hungría.
4. a separar do servizo militar e da administración a todos os oficiais e funcionarios culpables da propaganda contra a Monarquía austro-húngara, dos cales o Goberno imperial e real resérvase o comunicar os nomes e os feitos ao Goberno real (...)

6.a abrir unha enquisa xudicial contra os participantes no complot do 28 de xuño que se atopan en territorio serbio. Os órganos delegados polo goberno Imperial e real tomarán parte nas investigacións correspondentes (...)

8. a impedir o concurso das autoridades serbias no tráfico ilegal de armas e de explosivos a través da fronteira (...) O Goberno imperial e real espera a resposta do Goberno real o máis tarde ata o sábado 25 deste mes, ás cinco horas da tarde”

Comunicado de 23 de xullo de 1914.

”(...) Segundo comunican de Saraxevo, capital de Bosnia, en devandita poboación foron hoxe (día 28) vítimas dun atentado criminal o archiduque herdeiro do Trono de Austria, Francisco Fernando, e a súa esposa, a condesa Chotek de Chotkowa, duquesa de Hohenberg (...) Aínda que (...) Faltan moitos pormenores relativos á forma en que se perpetró o atentado, o relato telegráfico desde Saraxevo dá idea moi completa de toda a magnitude da traxedia (...) Unha vez terminada a recepción, o archiduque Francisco Fernando e a condesa Sofía volveron ocupar o automóbil para trasladarse a Konak (...) De súpeto, un mozo empuñando unha pistola Browning chegou ata o automóbil e fixo cinco disparos, primeiro sobre o archiduque e despois sobre a súa esposa (...) os dous feridos foron trasladados a Konak, onde se lles prodigou todo xénero de auxilios. Desgraciadamente, todo iso resultou inútil, e os dous esposos (...) faleceron aos poucos momentos de chegar a Palacio (...) Chámase o agresor Príncipe, ten dezanove anos, é estudante do último do Liceo (instituto) e é natural de Grahovo (...).”

ABC, luns 29 de xuño de 1914.

“Artigo 231.

Os gobernos aliados e asociados declaran e Alemaña recoñece, que Alemaña e os seus aliados son responsables, por habelos causado, de todos os danos sufridos polos gobernos aliados e asociados e os seus habitantes a consecuencia da guerra, á que lles conduciu a agresión de Alemaña e os seus aliados.

Artigo 232.

Os gobernos aliados e asociados esixen, e Alemaña comprométese, que sexan reparados todos os danos causados á poboación civil das potencias aliadas e asociadas e os seus bens.

Artigo 233.

A contía destes danos, por cuxa reparación debe pagar Alemaña, será fixada por unha comisión interaliada, que tomará o título de Comisión de Reparacións”.

Tratado de Versalles. Parte VIII. Reparacións.

”Pero a competencia entre exportadores alemáns e ingleses era moi dura en case todos os mercados europeos (...)

En 1898, as compras efectuadas por Francia en Alemaña chegaban apenas aos tres quintos das que eran efectuadas por ela en Gran Bretaña; en 1913, as importacións alemáns e inglesas atopábanse case ao mesmo nivel.

En Bélxica, onde, en 1898, eran máis importantes as importacións inglesas que as alemás, agora as alemás excedían en 200 millóns de francos belgas ás inglesas.

Os holandeses compraron, en 1913, 1.051 millóns de floríns de mercancías alemás, e soamente 356 millóns de mercancías inglesas.

En Italia, onde o comercio inglés (...) conservara clara preponderancia ata finais do século XIX, a situación invertese; as importacións alemáns (626 millóns de

liras) excederon en 50 millóns de liras en 1912 ás importacións inglesas. En Rusia, as importacións alemáneas (...) chegaban ao cuádruplo das importacións inglesas.

Para rematar, a supremacía do comercio alemán sobre o inglés, desde 1890 en Romanía e desde 1901 en Serbia, estendeuse en 1911 a Bulgaria”.

Pierre Renouvin. Historia das relacións internacionais.

"As balas alemáneas non matan. Os nosos soldados afixéronse ás balas alemáneas (...) E a ineficacia dos proxectís é o obxecto de todas as conversacións."

L'Intransigent, 17 agosto 1914

"Excepto cinco minutos ao mes, o perigo é mínimo, ata nas situacións críticas. Non sé como mas vou a apañar sen pegarme esta vida cando a guerra acabe."

Petit Parisien, 22 maio 1915

"A verdade é que algúns (os refuxios de Verdún) son relativamente confortables: calefacción central e electricidade (...) A verdade é que un non se aburría moito."

Petit Journal, 1 marzo 1916

"Esperabamos a hora do ataque como o que espera unha festa."

Petit Journal, 3 outubro 1915

"Á propósito de Verdún: As perdas foron mínimas."

Écho de Paris, 25 febreiro 1916


"Francia non está aínda preparada para o combate. Inglaterra enfróntase con dificultades interiores e coloniais. Rusia rexeita a guerra, porque teme a revolución interior. ¿Imos esperar a que os nosos adversarios estean preparados ou debemos aproveitarnos do momento favorable para provocar a decisión? Esta é a grave cuestión que hai que resolver.

O exército austríaco é aínda fiel e útil. Italia está aínda firmemente ligada á Tripla Alianza e ata se prefire (...) manter a paz para restañar as feridas da última guerra, sabe (...) que se Alemaña é derrotada, quedará sen remedio a mercé da violencia de Francia e Inglaterra e perderá a súa posición independente no Mediterráneo (...) Podemos igualmente contar chegado o caso con Turquía e Romanía (...) Poderíamos ter a dirección da política europea mediante unha ofensiva resolta, e poderíamos asegurar o noso porvir.

Isto non quere dicir que debemos provocar a guerra; pero alá onde se manifeste un conflito de intereses (...) non debemos retroceder, se non solucionalo mediante a guerra e comezala cunha ofensiva resolta, pouco importa o pretexto, porque non se trata dese conflito, senón do noso porvir, o que está en xogo."

Extracto dun artigo aparecido no diario alemán Die Post 24 de febreiro de 1914





Incorporación da muller ao traballo na Gran Bretaña.

Porcentaxe de mulleres sobre homes empregados	Industria %	Transporte %	Agricultura %	Comercio %	Total Traballadores %
xullo 1914	26	2	9	27	24
xullo 1918	35	12	14	53	37
xullo 1920	27	4	10	40	28

**Potencial industrial total das potencias en perspectiva relativa 1890-1938
(relativos a Gran Bretaña en 1900=100)**

	1890	1900	1913	1928	1938
Reino Unido	86	100	127,2	135	181
Estados Unidos	46,9	127,8	298,1	533	528
Alemaña	27,4	71,2	137,7	158	214
Francia	25,1	36,8	57,3	82	74
Rusia	24,5	47,5	76,6	72	152
Austria - Hungría	14	25,6	40,7	-	-
Italia	8,1	13,6	22,5	37	46
Xapón	7,6	13	25,1	45	88

